

CORRECCIÓN DE ERROS

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE AGOSTO DE 2024, POLA QUE SE CORRIXE UN ERRO ADVERTIDO NA RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE AGOSTO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE

Advertido un erro na resolución reitoral do 2 de agosto de 2024, pola que se convoca un concurso para a contratación laboral de persoal docente, esta Reitoría, ao amparo do previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procede á corrección da resolución nos seguintes termos:

Onde di:

2.3. Requisitos específicos para as prazas 24/4008 á 24/4011 con requisito de coñecemento de inglés:

Para as prazas 24/4008 á 24/4011 será requisito excluínte que as persoas candidatas acrediten a súa capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das formas establecidas no artigo 2 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello de Goberno de 30 de abril de 2015 e modificada nos Consellos de Goberno de 14 de abril de 2016, de 23 de xullo de 2019, de 28 de setembro de 2022 e de 3 de novembro de 2022):

- Mediante a certificación dun C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCRL) a través dunha certificación oficial.
- Mediante un diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.
- Acreditando que impartiu docencia en inglés en universidades estranxeiras, xustificando documentalmente a docencia impartida, así como o vínculo contractual que a amparou.
- Igualmente aceptárase a acreditación da procedencia (nacemento ou residencia prolongada) nun país de fala inglesa.
- Excepcionalmente, poderanse revisar outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente, nas que quede suficientemente probado o dominio do inglés por parte da persoa candidata, incluída a posibilidade de convocar a esta para unha entrevista presencial ou telemática para comprobar o seu dominio do inglés.

Debe dicir:

2.3. Requisitos específicos para as prazas 24/4008 a 24/4011 con requisito de coñecementos de inglés:

Para as prazas 24/4008 a 24/4011 será requisito excluínte que as persoas candidatas acrediten a súa capacidade para impartir docencia en inglés dalgunha das formas establecidas no artigo 2.1 da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (Aprobada polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2024):

- Licenciatura en Lingua Inglesa/Graduado en Inglés
- Certificación oficial dun nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE
- Diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC
- Acreditar que impartiron docencia ou titorías en inglés en universidades estranxeiras mediante o nomeamento de *visiting professor*, *teaching assistant* ou equivalente; e xustificar documentalmente a docencia impartida en inglés ante a vicerreitoría responsable en materia de internacionalización, que someterá as ditas acreditacións ao criterio da Comisión de Internacionalización da UDC para a súa aprobación.
- Excepcionalmente, poderanse revisar outras vías de acreditación diferentes ás mencionadas anteriormente, nas que quede suficientemente probado o dominio do inglés por parte da persoa candidata.

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes tantos días como transcurrirán desde o inicio do devandito prazo ata a publicación desta corrección de erros, a contar desde o día seguinte.

A Coruña, na data da firma electrónica
P.D. del rector (R.R del 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
M^a Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	Qn0q0gPxxSxbUV5K12qFxA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	27/08/2024 11:51:16
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Qn0q0gPxxSxbUV5K12qFxA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

